



**ADDENDA NÚMERO 1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE OLEIROS PARA A RENOVACIÓN DE CALZADA DA AVENIDA ROSALÍA DE CASTRO, AC-175.**

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2018

**REUNIDOS**

Dunha parte, Ethel Vázquez Mourelle, Presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2.a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Ángel García Seoane, na súa condición de alcalde do Concello de Oleiros, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Todas as partes recoñécense na calidade coa que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto,

**EXPOÑEN**

O 8 de agosto de 2018 asinouse o convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Oleiros para levar a cabo a renovación da calzada da avenida Rosalía de Castro, AC-175, previa autorización do Consello da Xunta de data 2/08/2018.

A cláusula cuarta do convenio establece que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, financiará os gastos de execución das obras, ata un máximo de **NOVENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (96.272,16€)**, IVE engadido, con cargo á aplicación orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, e distribuído do seguinte xeito:

|            |           |
|------------|-----------|
| 2018 ..... | 48.136,08 |
| 2019 ..... | 48.136,08 |





Na cláusula quinta, Xustificación e Pagamento, establececese como data límite para a xustificación o 30 de novembro para cada unha das anualidades.

Con data 26/10/2018 o Concello de Oleiros expón que o proxecto "*Renovación de beirarrúas e redes de servizos municipais na Avda. Rosalía de Castro*" se atopa nestes intres en fase de licitación, pendente de valoración das ofertas presentadas. Este proxecto ten un prazo de execución de 3 meses prevéndose que a totalidade da execución da obra denominada "*Pavimentación da avda. Rosalía de Castro (AC-175)*" financiada pola AXI, esté rematada para a súa xustificación na anualidade 2019.

Ante a imposibilidade de xustificar a anualidade correspondente ao exercicio 2018 antes do 30 de novembro, o concello solicita un reaxuste de anualidades, de tal xeito que a anualidade de 2018 se sume á anualidade 2019.

En base aos argumentos e xustificación dada polo Concello de Oleiros é preciso regularizar os compromisos económicos das partes, é polo tanto asinar unha addenda ao convenio, entendendo todas as partes que as condicións que motivaron a sinatura daquel son plenamente vixentes e os seus obxectivos son invariables no tempo e, en consecuencia,

### ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio citado, na que se modifican a CLÁUSULA CUARTA.

### CUARTA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA.

Mantén a súa vixencia coa seguinte modificación:

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar a execución das obras, destinando para iso ata un máximo de **NOVENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (96.272,16 €)**, con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, de acordo coa seguinte distribución:





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE  
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Edificio Administrativo de San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 544 564  
Fax.: 981 544 543  
infraestructuras.clm@xunta.gal



**galicia**

| Ano          | Importe (€)      |
|--------------|------------------|
| 2018         | 0,00             |
| 2019         | 96.272,16        |
| <b>TOTAL</b> | <b>96.272,16</b> |

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo a presente addenda por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega de  
Infraestruturas

Ethel Vázquez Mourelle



O alcalde do Concello  
de Oleiros

Ángel García Seoane

